

Procedemento: Convocatoria 2024 de subvencións para o desenvolvemento de proxectos audiovisuais galegos (código de procedemento CT404G).

Asunto: Resolución de nomeamento da comisión de valoración

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

1. En data 28 de decembro de 2023 publícase a Resolución do 15 de decembro de 2023 pola que se rexe a concesión, e réxime de concorrencia competitiva, das axudas da Axencia Galega das Industrias Culturais para a escritura e guións audiovisuais e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento CT404G)

2. O artigo 13 desta convocatoria recolle que para a avaliación dos proxectos presentados constituirase unha Comisión de Valoración, nomeada polo director da Agadic, que será a encargada de valorar as solicitudes de acordo cos criterios fixados nas presentes bases.

O punto 13.2 recolle tamén que “a condición de vogal da comisión ten carácter persoal e non pode actuar por delegación nin ser substituído en ningún caso”.

O punto 13.3 especifica que a Comisión de Valoración terá a consideración de órgano colexiado e estará constituída por tres persoas expertas no ámbito do audiovisual, das cales unha exercerá a Presidencia, e unha persoa do cadro de persoal da Agadic. A Secretaría será desempeñada por unha persoa do cadro de persoal da Agadic e non terá dereito a voto.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo o artigo 2 do Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galegas das Industrias Culturais, correspóndelle á dirección, como órgano executivo da axencia, a súa dirección e xestión ordinaria.

2. No artigo 21 dos devanditos Estatutos, establécese que a Dirección ten entre as súas atribucións “instruír os procedementos sancionadores e os procedementos de concesión de axudas e subvencións”.

En base ao exposto

RESOLVO:

Nomear as comisión de valoración deste procedemento de subvencións, que segundo o seu artigo 13 terá a seguinte composición:

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN,
FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES
Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
T. 881 99 60 77 / 78
agadic@xunta.gal / industriasculturais.xunta.gal



- Como persoas expertas no ámbito do audiovisual:

Manuel Monzón Fueyo

Tatiana Rodríguez Vázquez

Angel Manzano Garrido

- Como persoa do cadro de persoal da Agadic:

María Dolores Meijomín Rodríguez

Exercerá a secretaría da comisión, como persoa pertencente ao cadro de persoal da Agadic, sen dereito a voto:

Dora González Olveira

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O Director da Agadic
Jacobó Sutil Nesta

